



## **XIV CONCURSO DE SOLISTAS BASES CONVOCATORIA CURSO 2023-2024 Para actuar coa Orquestra ou Banda do Conservatorio**

### **1.- CANDIDATOS**

Convócase o Concurso de Solistas do Curso 2023-24, para actuar coa Orquestra e a Banda do Conservatorio Superior de Música da Coruña. Poden presentarse voluntariamente ao concurso todos os alumnos que estén matriculados na especialidade de interpretación, no instrumento ao que concursan, agás os que xa actuaran como solista coas devanditas agrupacións en cursos anteriores. Serán seleccionados, alomenos:

- un alumno para actuar coa Orquestra.
- un alumno para actuar coa Banda.
- un alumno reserva para Orquestra e outro para Banda.

### **2.-PROCESO DE SELECCIÓN**

O alumnado interesado deberá preparar unha obra de libre elección. O proceso de selección consta de dúas fases:

**1º INSCRICIÓN:** O alumnado deberá inscribirse entregando cuberto en Conserxería o impreso adxunto antes das 12.00 do día 13 de maio de 2024.

Recoméndase ter preparada unha grabación polo candidato de alomenos 10 minutos, da obra coa que se concursa, que poderá ser requerida en caso de que o número de candidaturas sexa demasiado elevado. Nese caso, o alumnado será informado o día 20 de maio, e deberá enviar a grabación ao correo [direccion@csmcoruna.com](mailto:direccion@csmcoruna.com) antes do 24 de maio. Sexa necesario ou non valorar gravacións para seleccionar o alumnado que chegue á audición final, **a lista final de alumnado seleccionado será publicada o 28 de maio na web do centro.**

**2º AUDICION FINAL:** Para esta audición, cuxa duración aproximada será dun máximo de 15 minutos por aspirante, os candidatos deberán presentar a obra completa, e haberán de actuar con pianista acompañante. A Comisión de selección poderá pedir a interpretación de determinados fragmentos ou movementos.

Dita Comisión estará formada por:

- Director do Conservatorio ou persoa en quen delegue.
- Directores da Orquestra e Banda do Conservatorio.
- Poderá ser invitado como membro do tribunal algún músico representante dalgunha agrupación orquestral galega.

A audición finalfinal terá lugar o día **3 de xuño, a partir das 16.30**, no Auditorio Andrés Gaos do Conservatorio Superior de Música da Coruña.

### **3.- DATAS DE ACTUACIÓN DOS GAÑADORES**

Os alumnos gañadores actuarán coas agrupacións en datas a determinar segundo as necesidades do Centro, preferentemente en torno á festividade de Santa Icí, a finais de novembro.

## IMPRESO DE INSCRIPCIÓN

### XII CONCURSO DESOLISTAS

#### Para actuar coa Orquestra ou Banda do Conservatorio

<b>Nome a apelidos</b>	
<b>Tif. e correo electrónico</b>	
<b>Obra a interpretar</b>	
<b>Instrumento e curso</b>	
<b>Agrupación para a que concursa (marcar cun X)</b>	<b>Orquestra do Conservatorio Superior:</b>  <b>Banda do Conservatorio Superior:</b>

Asdo: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_